

A FUNDACIÓN MÍTICA DE ROMA E A MONARQUÍA

1. A ORIXE LENDARIA DE ROMA

Trala caída de Troia, **Eneas**, o caudillo Romano, fillo de **Anquises** e de Venus, fuxe e procura a nova patria troiana, **Hesperia**, cunha pequena tropa de homes e co seu fillo, coñecido como **Xulo** ou **Ascanio**. Tras varios sucesos que retrasaron a súa navegación, chegan finalmente ao Lacio, xunto á desembocadura do Tíber.

No Lacio reinaba **Latino**, cuxa filla Lavinia estaba prometida a Turno, rei dos rútuos. Tras un enfrentamento de Eneas e os seus compañeiros cos rútuos, Turno morre na contenda e Eneas casa con **Lavinia**.


O fillo de Eneas e **Creúsa**, primeira muller de Eneas, funda máis tarde a cidade de Alba Longa nos outeiros albanos.



Posteriormente, houbo dez reis sucesores no trono ata a chegada de **Numítor**. O seu irmán **Amulio** destrónao e fai unha manobra para que a súa filla, **Rea Silvia**, nunca puidese casar nin ter descendencia que puidese ameazar o seu reinado no futuro: obrígaa a converterse en sacerdotisa de Vesta, pois as vestais tiñan de ser virxes e castas para

sempre. Co que non contaba é coa intervención divina: **Marte**, deus da guerra, namórase de Rea Silvia e mantén relacións con ela, nacendo así dous xémeos: **Rómulo e Remo**.

Amulio descobre a situación e ordena que os nenos fosen arroxados ao Tíber, pero o propio río apiádase deles e lévaos indemnes ata a ribeira. Alí, unha loba, **Luperca**, aléitaos e críaos.



Pasado o tempo, Rómulo e Remo regresan a Alba Longa. Saben da traizón a Numítor, expulsan a Amulio e repoñen ao seu avó no trono. Deciden despois fundar, preto de Alba Longa, unha nova cidade.

Para decidir cal deles sería o rei desa nova cidade, fan un **auspicio** (*avis* "ave" + *spicio* "observar"): Rómulo sitúase no **Palatino** e Remo no **Aventino**. Quen fose quen de ver un maior número de voitres había ser o rei. Remo divisa as aves primeiro e ve seis; Rómulo divisaas despois, mas divisa doce. Os irmáns comezan a discutir e, finalmente, Rómulo mata a Remo. O nome da cidade, Roma (fundada o 21 de abril do 753 a.n.e.), vén precisamente de Rómulo.

2. A ROMA DA MONARQUÍA (753-509 A.N.E.)

Na primeira fase existiu unha alternancia entre reis romanos e sabinos. A partir do cuarto monarca, os reis serán **etruscos**.

REIS ROMANOS E SABINOS



RÓMULO, O REI FUNDADOR

Rómulo abriu as portas ás rexións veciñas e fixo unha elite de 100 varones que serían os patricios. Como carecían de mulleres, Rómulo celebra uns xogos e unha festa e invita aos sabinos. Rómulo e os demais varóns romanos raptan ás sabinas. As propias mulleres solicitarán o fin da violencia e, finalmente, ambos pobos se unirán baixo o mando

inicial de Rómulo.

NUMA POMPILIO, O REI PACÍFICO

Numa Pompilio, rei **sabino**, promove a moral e a relixiosidade. Crea o Colexio dos Pontífices e constrúe un templo dedicado a Xano. Ordena que ese templo estivese aberto en tempos de guerra e pechado en tempos de paz.



TULO HOSTILIO, O REI GUERREIRO

Baixo o reinado deste sucesor **romano** de Numa houbo moitas loitas e enfrontamentos, como a destrución da mítica Alba Longa e dos enclaves etruscos de Veies e Fidenas.



ANCO MARCIO, O REI CONSTRUTOR

Anco Marcio, rei **sabino**, abre o Aventino a varias etnias do Lacio, manda construír a primeira ponte e amplía as murallas de Roma. Tamén funda Ostia, un porto veciño a Roma.



OS REIS ETRUSCOS

Tras a morte de Anco Marcio, todos os reis serán etruscos.

TARQUINIO PRISCO "O VELLO", O GRAN CONSTRUTOR



A Tarquinio atribúese a edificación do Circo Máximo e a Cloaca Máxima, o sistema de sumidoiros máis antigo do mundo que aínda segue en funcionamento. Someteu ás tribos veciñas do Lacio (os latinos e sabinos). Aumentou, tamén, o número de senadores.

SERVIO TULIO, O LEXISLADOR

Fixo a primeira reforma constitucional de Roma. Dividiu a poboación en catro sectores territoriais, organizou o exército en centurias e fixo un censo baseado no patrimonio e os bens. Trazou un perímetro amplo que delimitou con murallas que levan o seu nome. Dentro dese perímetro, estaban os sete outeiros de Roma: Aventino, Palatino, Capitolio, Esquilino, Celio, Viminal e Quirinal.




LUCIO TARQUINIO “O SOBERBIO”



Exerceu un reinado tiránico do seu pobo á marxe do Senado. A violación de Lucrecia, esposa de Colatino, por parte dun dos seus fillos acabou desencadeando o final do seu reino e da propia monarquía.

A partir de aquí, comezará a República-

LIÑA TEMPORAL		
ca.900 a.n.e.	A civilización etrusca desenvólvese en Italia central	
21/4/753 a.n.e.	Data tradicional da fundación de Roma por Rómulo	
ca.625 a.n.e.	Confórmase un gran asentamento entre os outeiros Palatino e Capitolino. Gradualmente, vai medrando ata converterse na cidade de Roma.	
ca.510 a.n.e.	Roma convírtese nunha república tras depoñer ao rei Tarquinio o Soberbio. A cidade pasa a ser gobernada por dous cónsules, elixidos anualmente.	
471 a.n.e.	Recoñécese oficialmente a asemblea da clase plebea, <i>concilium plebis tributum</i>	
366 a.n.e.	Sextius convírtese no primeiro cónsul plebeo.	